

ORTIGUEIRA

BOLETÍN MUNICIPAL

XULLO 2018

www.concellodeortigueira.com

O Concello diseña un completo programa de actividades para todos os públicos

As actividades deportivas, culturais e os festexos enchen o verán de Ortigueira

O Concello de Ortigueira afronta outro verán máis cheo de actividades, tanto culturais como deportivas, campamentos e, por suposto, as tradicionais festas parroquiais. O goberno local, en colaboración con diferentes asociacións e escolas do municipio, preparou unha programación variada e apta para todos os públicos. Desde clases de surf, rutas de paddle surf e de kayak, ata zumba, tai-chí ou diferentes representacións musicais compoñen o verán ortegano.

PÁXINAS 04-05



O paddle surf é unha das actividades que se poden levar a cabo este verán en Ortigueira

Destínanse 35.000 euros

Convócanse dúas liñas de subvencións para as pemes

O Concello convoca as liñas de subvencións Ortigueira Emprende, para entidades creadas no 2018, e Ortigueira Compite, coa que se busca consolidar a actividade das compañías constituídas desde o 2015. En total, o goberno local destinará un importe de 35.000 euros ata esgotar o crédito dispoñible.

PÁXINA 06

En catro anos reducíronse 2.322.201 euros

O Concello reduce a débeda e pronto sairá do Plan de Axuste

O goberno local aprobou no pleno de xullo destinar 406.818 euros do POS da Deputación á amortización da débeda. Así, o Concello de Ortigueira atópase a piques de saír do Plan de Axuste económico despois de reducir, en catro anos, un total de 2.322.201 euros dun total de 2.506.000 euros.

PÁXINA 05

As obras lévanse a cabo a través de catro proxectos diferentes

O Concello destina máis de 300.000 euros para asfaltados

Xa está en marcha un plan de asfaltados do Concello de Ortigueira que mellorará os viarios de 15 parroquias cunha inversión de 324.667 euros.

Estas obras corresponden a catro proxectos diferentes, que teñen o obxectivo de mellorar as infraestruturas viarias e a seguridade nas parroquias.

O primeiro, valorado en 130.838 euros, actuará sobre as pistas do Chaelo, Cotón, Canabás, Río Maior, Canelo de Acó, O Rego, Viaduto e Portas.

O segundo, cun orzamento de 83.041 euros, afecta ás da AC-862 á Gándara, Canelo-Barral, Coruxo Novo-Foxo, Gocende, O Chao, Castelo e Pena do Vilar-San Andrés.

Con 74.390 euros reparáranse dúas pistas en Gandareiro e Rego dos Sapos.

Por último, 36.398 euros serán para mellorar a CP-6102 a Mazorgán, Peroxa-Igrexa de Santa María, Cochera-TeXoiras e Barral-Nogueirido.



Camións en Senra, Cuiña e Rego dos Sapos

EQUIPAMENTOS

Renovación da climatización da piscina municipal

O Concello de Ortigueira destina 132.918 euros para mellorar a climatización da piscina municipal, instalando unha deshumectadora coa rede de condutos e equipamento complementario correspondentes. Os técnicos municipais detectaron que a bomba de calor, os depósitos de auga quente e o resto dos equipos de climatización están deteriorados polo que co novo material aumentarase a vida útil e a eficiencia da instalación.

EQUIPAMENTOS

Acondicionamento do revestimento do polideportivo

O goberno local preparou un proxecto de 47.994'99 euros para mudar o revestimento das paredes do polideportivo municipal e evitar así as filtracións de auga que surxen polo deterioro derivado do paso do tempo. As obras deixarán adecentado e pintado o muro de bloque, máis funcional. Ademais, remodelaranse os vestiarios.

Adquisición dunha pala e dunha varredora por 170.000 euros

O Concello de Ortigueira adquiriu recentemente nova maquinaria municipal por un total de 169.884 euros: unha pala e unha varredora que se empregarán para poder levar a cabo diferentes tarefas diarias.



Nova rotulación para os coches da Policía e do GES

A flota de vehículos da Policía Local e do GES recibiu un lavado de cara grazas á rotulación encargada polo Concello.

Acondicionáronse os areas de Morouzos e Espasante

As praias de Ortigueira están listas para afrontar unha nova temporada de verán

O Concello de Ortigueira levou a cabo no mes de xuño a limpeza das praias do municipio para poñelas a punto de cara a unha nova temporada de verán.

As actuacións, financiadas cunha subvención de 28.330,63 euros aportada pola Deputación da Coruña, centráronse no acondicionamento dos areas de Morouzos e Espasante. Dedicáronse un total de 7 efectivos para levar a cabo estes traballos de limpeza e desbroce, que completaron outras actuacións xa realizadas, como as reparacións no areal en Morouzos, onde se amañou a pasarela de madeira e o



Os traballos de acondicionamento na praia de Morouzos coincidiron na limpeza do areal e o desbroce da súa contorna

acceso de minusválidos.

O Concello de Ortigueira programa cada ano este tipo de actuacións para ter todo a punto para o verán, xa que nestas datas a localidade recibe unha elevada cantidade de turistas, que chegan atraídos, entre

outras cousas, pola beleza das praias do municipio. Ademais, os análisis levados a cabo pola Xunta de Galicia certifican a boa calidade das nosas augas xa que catalogan como excelente as de Morouzos, Bimbieiro, San Antonio e Broña,

e como boa a da Concha. Por outro lado, estas playas están totalmente equipadas xa que contan con duchas, aseos e acceso para minusválidos salvo nos casos nos que, polo terreo, non é posible ter estes equipamentos.

O obxectivo é obter datos reais da situación

Reunións nas parroquias sobre os danos dos xabaríns

O Concello de Ortigueira quere axudar aos seus veciños na busca de solucións para mitigar os danos que ocasionan, ano tras ano, os xabaríns nas súas propiedades. Para iso concretou unha serie de reunións por todas as parroquias do municipio para coñecer co obxectivo de obter datos reais da situación.

Estas xuntanzas serviron para entre todos buscar solucións aos danos que ocasionan os xabaríns e para que os veciños aportasen suxestións sobre como reducir ou compensar os problemas que ocasiona a presenza destes animais e, sobre todo, recoller datos sobre a superficie afectada. A primeira


reunión tivo lugar no local 'O Couzadoiro' e despois levaronse a cabo distintos encontros noutros lugares como o centro social de San Adrián, San Claudio ou Espasante.

PREOCUPACIÓN

O alcalde, Juan Penabad Muras, expresou a súa preocupación polos estragos que provocan os xabaríns nas colleitas, pastos, etc. e tamén polo feito de que as denuncias oficiais sexan moi escasas. A idea é que as notificacións cheguen ao rexistro de Medio Rural para que se tome conciencia da magnitude do problema e desde o organismo autonómico, que posúe as competencias, se actúe en consecuencia.

Unha actuación de mellora enerxética

Destínanse 106.000 euros para instalar 245 luminarias LED



As antigas luminarias de vapor serán substituídas por LED

O Concello de Ortigueira destina 106.260 euros para a instalación de 245 luminarias tipo LED en todo o municipio.

Un proxecto de mellora da eficiencia enerxética do alumeadado público que se levará a cabo nos lugares de Ponte de Mera, Nogueiri-

do, O Baleo e O Peago.

As luminarias LED substituirán ás actuais lámparas de vapor, moito menos potentes e eficientes desde o punto de vista enerxético que na actualidade practicamente están descatalogadas e supoñen un gasto maior.

O concello organiza actividades en colaboración con asociacións e escolas do municipio

Un estío ateigado de propostas para os veciños do concello de Ortigueira

Chegou o sol a Ortigueira e con el, unha morea de actividades das que poden gozar veciños do concello e foráneos. O municipio conta con diferentes ofertas deportivas, culturais e educativas que buscan entreter a grandes e pequenos con xornadas cheas de diversión.

Os afeccionados dos deportes de auga teñen a posibilidade de inscribirse nas clases de surf e nas rutas de paddle surf que imparte Ortegá Surf Escola e tamén de percorrer en kayak as tres rutas organizadas pola Ría de Ortigueira: Ruta do Baleo, Ruta de Espasante ou Ruta Muíño de Mareas.

Pero a oferta deporti-



As clases de surf impártense nas praias de San Antón e Esteiro

va non remata aí. Para todos aqueles que queiran fuxir da auga, impártense clases de zumba no recinto da piscina municipal ás

que poden acudir nenos e maiores. Ademais, a asociación Entre Dous Cabos celebra os Domingos Saudables con prácticas gra-

tuítas de tai-chí.

A faceta cultural deste verán recolle, entre outros actos, a representación do musical “Chicago” por parte do grupo de teatro Ul-treia. Terá lugar o día 21 de xullo no Teatro da Beneficencia. Por outra banda, do 5 ao 7 de setembro terá lugar entre Ferrol e Ortigueira o curso “Arqueoloxía na cuna da civilización: Exipto e Oriente (II)”, dirixido aos amantes da historia antiga universal. Trátase dunha iniciativa da Universidade da Coruña patrocinada polo Concello de Ortigueira.

Todas estas actividades e outras máis compoñen un programa que animará o verán no Ortegá.

OCIO VERÁN CAMPAMENTO 2018

O programa de conciliación familiar “Ocio Verán” cumpre este ano unha década de vida cunha asistencia, neste período, de 2.000 menores entre 3 e 12 anos.

As mañás de xullo e agosto están repletas de actividades deportivas, educativas e culturais destinadas ao divertimento dos máis pequenos da casa e tamén ao aprendizaxe de valores como a tolerancia, a igualdade e o respecto. Cada semana conta cunha temática diferente para fuxir da monotonía e conseguir que os nenos e nenas gocen ao máximo das súas vacacións antes de volver aos pupitres.

De luns a venres, todos eles practican unha ampla variedade de deportes xun-

to con outras actividades como xogos tradicionais, obradoiros de cocíña, clases de informática e creación de murais entre todos. Ademais, realízanse excursións polo concello, ás súas praias e aos recunchos máis bonitos e característicos.



Excursión polo concello



Nenos e nenas do campamento no obradoiro de informática



Os pequenos divírtense con multitude de actividades lúdicas

O importe da débeda cos bancos saldarase no ano 2019

Ortigueira encóntrase moi preto de saír do Plan de Axuste

O Concello está a piques de cumprir do Plan de Axuste económico, logo do pago dunha nova amortización da débeda coas entidades bancarias.

Nun período de catro anos, pasouse de 2.506.000 euros de débeda coas entidades bancarias a só 183.799 euros, que quedarán saldados no 2019. O período medio de pago de facturas está xa doce días por debaixo do que fixa o Ministerio de Facenda.

O pleno de xullo aprobou destinar 406.818 euros do POS da Deputación á amortización, tal e como se veu facendo

nos últimos catro exercicios con fondos provinciais. Así, aos 232.135 euros anuais que o propio Plan de Axuste contemplaba cada ano para reducir o préstamo de maneira gradual, sumáronse no 2015 un total de 386.664 euros, no ano 2016 foron 373.492 euros, no 2017 adicaronse 226.699 euros e destináronse 406.818 euros neste exercicio de 2018. Aínda que o plan de axuste aprobado en 2012 era para un período de dez anos, nestes últimos catro amortizáronse 2.322.217 euros.

BOA XESTIÓN

No pleno celebrado a segunda semana de xullo, o goberno destacou a boa xestión e a significativa

mellora na situación económica do Concello, xa que no ano 2015 a débeda coas administracións e cos bancos supoñía case o 50% do presuposto anual de Ortigueira.

O alcalde, Juan Penabad Muras, agradeceu “a colaboración prestada por técnicos e funcionariado, para poder avanzar neste camiño”.

LUZ VERDE

Tamén no pleno aprobáronse as modificacións solicitadas pola Consellería de Educación no proxecto de obras de reacondicionamento do Colexio José María Lage, o que permitirá comezar as intervencións previstas em breve. O investimento ronda os 500.000 euros.

MELLORAS

Espasante amplía as súas áreas de aparcamento



Novo aparcamento en Espasante

O goberno local acadou un acordo cos propietarios de terreos colindantes a Espasante, o que permitirá a creación de novos espazos de aparcamento. Concretamente, serán tres as novas áreas que alquilará o consistorio. En total, espérase que as novas áreas cubran o estacionamento de ata 150 vehículos.

O alcalde ortegano e o concelleiro de Deportes entregaron os diplomas

Clausura das actividades sociocomunitarias

O alcalde de Ortigueira, Juan Penabad Muras, e o concelleiro de Deportes, Ángel Lozano, entregaron os diplomas ás persoas participantes nas actividades sociocomunitarias organizadas polo Concello, dando así por rematados os diferentes cursos nun acto conxunto, celebrado no restaurante Planeta. Á comida asistiron ao redor de cento vinte persoas, entre o alumnado dos cursos e os seus monitores.

O departamento de Servizos Sociais do Concello organiza actividades sociocomunitarias en todas as parroquias de Ortigueira, pensadas especialmente para persoas maiores e como unha maneira de dinamizar os núcleos de poboación.



Juan Penabad e Ángel Lozano, durante a entrega de camisetas conmemorativas



O alcalde, departindo cos alumnos dos cursos, no restaurante Planeta

PROXECTOS

Reformarase a depuradora de Espasante

O Concello licitará proximamente as obras de reforma e adecuación da depuradora de Espasante, por un importe de 158.936,16 euros. Estas accións consisten na reparación dos equipos de bombeo e no reacondicionamento dos sistemas de mellora das instalacións da EDAR. Ditas actuacións supoñen un aumento da calidade de vida, e tamén serán beneficiosas para o medio ambiente do entorno de Espasante.

Para levar a cabo a reforma, foi preciso conseguir autorizacións de determinados organismos, como Demarcación de Costas de Galicia. Requeríronse ata cinco meses de tramitacións, para conseguir dar luz verde a este proxecto.

ESPAAZO RESERVADO PARA ENTIDADES ASOCIATIVAS DO MUNICIPIO

A mocidade toma as rendas do crecemento rural a través da Asociación Vivo do Ortegale

A primeira acción que este colectivo levará a cabo será a organización do mercado de verán para promocionar o labor dos produtores do municipio

«Vivir no rural, do rural». Este é o leitmotiv e practicamente a razón de ser da Asociación Rural Vivo do Ortegale. Esta entidade acaba de botar a andar, pero non por esa razón os seus pasos son menos firmes. De feito, a directiva de Rural Vivo ten claro cales son os seus obxectivos e a súa folla de ruta: recabar esforzos entre a xuventude do municipio para afrontar os problemas de actividades profesionais no rural do Ortegale e dar a coñecer as debilidades e as fortalezas deste territorio en termos de emprego.

A entidade está conformada por un grupo de mozos que se dedican a distintos ámbitos profesionais: proceden tanto do sector primario -horta, gandería,



Imaxe da presentación da Asociación Rural Vivo do Ortegale que se realizou na contorna da casa consistorial

apicultura, pesca e marisqueo, artesanía, entre outros- así como do ámbito do patrimonio.

O organismo está formado por un grupo de persoas dedicadas ao sector primario e ao da artesanía

A presentación oficial des-

ta asociación tivo lugar na casa consistorial de Ortigueira. Durante o acto expuxéronse, non só as finalidades da entidade, senón tamén da directiva: Enrique Fojón ocupará o cargo de presidente do ente, María Álvarez será a secretaria e Mara Detzmeier a tesoreira.

PRIMEIRA ACTIVIDADE

Con esta liña de traballo en mente, a primeira actividade do colectivo será o mer-

cado de verán, que se levará a cabo entre os meses de xullo e setembro, que se realizará en estreita colaboración co Concello de Ortigueira.

Estes encontros organizaranse todos os domingos no paseo da Alameda entre as 10.00 e as 14.00 horas cun fin claro: promocionar o xénero local e apostar polos produtores que desenvolven a súa actividade profesional dentro do ter-

O goberno convocará liñas de subvención para dinamizar a labor das pequenas e medianas empresas

Unha contía de 35.000 euros para crear e mellorar pemes orteganas

Dinamizar as actividades das pequenas e medianas empresas. Ese é o obxectivo co que o Concello convocará, proximamente, as liñas de subvencións Ortigueira Emprende, para entidades creadas no 2018, e Ortigueira Compite, coa que se busca consolidar a actividade das compañías constituídas desde o 2015.

En total, o goberno local destinará un importe de 35.000 euros ata esgotar o crédito dispoñible. O im-

porte máximo subvencionable é de 3.000 euros, IVE excluído.

Dentro de Ortigueira Emprende concederanse axudas para sufragar gastos de instalación ou para o desenvolvemento da labor de firmas instaladas no 2018 en Ortigueira. O requisito é que estes gastos se fixeran desde o 1 de xaneiro deste mesmo ano. O capítulo inclúe arrendamentos, servizos de profesionais independentes, obras de ade-

cuación de locais, primas de seguro, publicidade e equipos para procesos de información.

IMPULSO ÁS COMPAÑÍAS

Ortigueira Compite está pensada para custear gastos de renovación, neste caso para compañías instaladas desde o 2015, e sempre que os investimentos se fixeran entre o 1 de xaneiro dese ano e o 1 de novembro do 2018. Nesta subvención pódense aco-

ller os gastos en aplicacións informáticas, equipos para procesos de información, maquinaria e útiles necesarios para a realización da actividade, mobiliario e reparacións.

Os beneficiarios deberán estar situados e ter o domicilio social e fiscal no municipio. A actividade empresarial terá que desenvolverse de maneira real e efectiva neste termo e continuar, polo menos, durante tres anos.

Persoal de diferentes áreas entraron a traballar estes meses

O Concello contrata 39 persoas durante o último trimestre

Nos últimos meses o Concello aumentou a súa plantilla a través de fondos propios e de diversos programas de promoción do emprego

O Plan de Emprego da Deputación serviu para contratar a catorce persoas. En concreto, sete para limpeza de praias e sete para labores varias. Tamén entraron en nómina dous peóns con retribución a través da RISGA, dous peóns forestais do programa Aprod Rural da Xunta de Galicia, nove brigadistas de incendios a través de Medio Rural e nove peóns co Fondo de Compensación Ambiental. Contratáronse tamén dous auxi-

liares de Policía Local e un funcionario interino pasou a ser fixo, completando un total de trinta e nove persoas empregadas.

BOLSA DE TRABALLO

A inscrición na bolsa de emprego para o Festival Celta de Ortigueira pechouse o venres 6 de xullo cun total de 57 persoas



Operarios de limpeza das praias traballando

apuntadas para desenvolver tarefas de hostalería en tódalas súas variantes (barra, restauración, postos ambulantes de comida, etc.), auxiliares de aparcadoiros, limpeza en vía pública, mantemento das zonas de aseos e auxiliares diversos relacionados con este evento internacional de gran éxito.

FORMACIÓN

O OPPC impartirá diversos cursos formativos

Desde o Concello de Ortigueira impartiranse varios cursos de formación grazas ao acordo co Organismo Paritario na Prevención en Construción (OPPC). Trátase dun curso de nivel básico de Prevención en Construción e dun curso para traballos baixos de albañilería.

Serán destinados a traballadores ocupados, desempregados e en situación de mellora.

IGUALDADE

Xornada de Protección para menores



O pasado mes, tivo lugar a Xornada de Protección da infancia fronte ao maltrato e o abuso sexual, na que participaron ao redor de trinta profesionais do ámbito dos servizos sociais, educativo e sanitario.

A experiencia chegará a todas as parroquias do Concello

“Con voz de muller”, un proxecto cultural que axudará á recuperación do papel das mulleres



Algunhas das participantes do proxecto

O Centro de Información á Muller do Concello de Ortigueira está a desenvolver o proxecto “Con voz de muller” para recuperar a memoria histórica contándoa desde o punto de vista das mulleres e para levar a cabo un proceso de empoderamento, recoñe-

cendo o labor do colectivo feminino nas parroquias do municipio. Trátase dunha iniciativa que se levará a tódalas parroquias e que comezará polas de San Claudio, onde xa houbo unha primeira sesión, en Loiba, onde deu comezo o día 18 de xuño.

En total, haberá tres xuntanzas en cada lugar, de tres horas de duración cada unha, como proxecto piloto que despois se exportará ao resto das parroquias do concello, xa que a idea é que todas formen parte do mesmo.

A VOZ DA EXPERIENCIA

As participantes aportarán coa súa propia voz as experiencias que servirán para recuperar e dar a coñecer o valor social que as mulleres foron xerando á vida comunitaria e á historia do lugar onde viven. Posteriormente, a idea é organizar unha exposición e realizar unha publicación para presentalas o día 15 de outubro, coincidindo co Día da Muller Rural.

SERVIZOS

Aberto o prazo para arranxar de balde erros do TDT

O alcalde de Ortigueira, Juan Penabad Muras, emitiu un comunicado a través dun bando no que informou aos veciños e veciñas da posibilidade de que os técnicos da empresa de telefonía solucionen de bale as interferencias que se produzan nos televisores (TDT) como consecuencia dos nodos 4G na banda 800 MHz. Ata o 31 de xullo pódese solicitar unha revisión chamando ao número 900 833 999.

40 anos de folk

En 1978, Ortigueira viu nacer o Festival Internacional do Mundo Celta. O 30 de xullo cumpríranse 40 anos daquel pregón realizado por Xosé Filgueira Valverde co que se inauguraba o que a día de hoxe é o evento de maior envergadura da música folk en España e un dos referentes a nivel Europa. Tanto é así, que en 2005 lle foi concedido o título de Festa de Interese Turístico Internacional.

Desde o 12 ata o 15 de xullo festexouse o aniversario, no cal actuaron multitude de bandas e músicos que inundaron a carballeira do máis puro espírito celta e folclórico. Tocaron grupos internacionais como Ímar, The National Youth Pipe e Yves Lambert Project que compartiron escenario con músicos nacionais como Rubén Alba e as ban-

das galegas Os d'Abaixo e Milladoiro e coa formación fundadora deste evento: a Escola de Gaitas de Ortigueira.

Tamén se subiron ao Escenario Estrella Galicia os seleccionados dentro do Proxecto Runas. Ademais, a agrupación Gabriel G. Diges actuou no festival por segundo ano consecutivo despois de gañar o Proxecto Runas 2017.

Os encargados de pechar a 34ª edición do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira foron os mundialmente coñecidos Lúnasa e The Celtic Social Club.

A praia de Morouzos e a súa carballeira deron acubillo a todos aqueles campistas que decidiron gozar do evento ao máximo, da súa música e do seu ambiente festivo, alegre e libertario.

Axenda Telefónica

SERVIZOS DE EMERXENCIA

Ambulancia 061

Emerxencias 112

Emerxencias Garda Civil 062

CONCELLO

Centraliña 981 400 000

Policia Local

696 446 863

696 446 864

GER 649 446 870

Servizos Sociais 981 402 542

Oficina Turismo 981 974 103

Biblioteca 981 400 101

Aula CEMIT 981 402 533

Piscina 981 422 026

Escola Música 981 402 432

ENSINO

IES Ortigueira 881 930 407

Colexio José María Lage

881 930 417

Escola Infantil Galiña azul

981 422 517

CENTROS DE SAÚDE

Ortigueira

981 401 052

981 401 076

Espasante 981 426 600

Mera 981 628 544

FARMACIAS

Farmacia Leal 981 401 026

Farmacia María Martínez Ares

981 408 384

Farmacia Mercedes Fraga

981 401 101

Farmacia Saborido 981 428 081

Farmacia Sandomingo

981 400 004

Farmacia Torres 981 400 040

TAXISTAS

Parada de Taxis 981 400 869

Sta. Marta de Ortigueira

Antonio Pena 680 512 037

Carlos Piñón 655 681 198

Javier Iglesias 639 657 227

Javier Otero 651 850 819

José López 699 154 107

Mª Jesús Soto 626 642 516

Pedro Cheda 608 585 825

Rosario Martínez 608 580 449

Vicente Blanco 638 102 938

Parada Mera de Abaixo

Adolfo Casas 610 871 387

Parada Mera de Arriba

David López 606 543 176

OUTROS CONTACTOS DE INTERESE

Garda Civil 981 400 021

Extensión Agraria 981 400 106

Residencia Dolores Díaz Dávila

981 400 109

Confraría Pescadores 981 408 144

ASPROMOR 981 422 288

Tanatorio 981 422 425

Seguridade Social 981 400 181

FEVE 981 422 201